

ENTREGA DO PREMIO VILAR PONTE DO CONCELLO DE VIVEIRO

Boas noites a todos os presentes.

Van estas primeiras palabras de agradecemento para o Concello de Viveiro representado pola súa alcaldesa por ter convocado este premio Vilar Ponte, polo que ten de homenaxe a dous personaxes senlleiros na nosa historia cultural e política, e por apoiar a cultura galega. Agradecemento tamén ao xurado, pois se sempre resulta grato recibir o agasallo do premio é tamén de lei recoñecer o seu traballo na lectura, análise e deliberación, que sei por experiencia propia que nin sempre resulta un traballo doado nin moito menos recoñecido. Agradecemento tamén a todos vós, que aquí estades para acompañar esta entrega de premios.

Na lista de premios recibidos, este ten para min un significado particular.

Por unha banda sempre supón un reto especial o presentarse a un premio con dúas categorías. Nunha sociedade tan competitiva, onde só se persegue o éxito inmediato, hai quen diga que “o

segundo é o primeiro dos perdedores”, rememorando a famosa frase do piloto de F1 Ayrton Senna, que se xogou a vida para ser o primeiro até falecer no circuíto italiano de Imola.

Por outra banda, levaba algúns anos sen gañar un premio e este faime recuperar dalgún xeito a ilusión de seguir escribindo en tempos difíciles. Tanto é así que eu sentía unha desafección pola ficción, mais os problemas da escrita non difiren dos males da vida real e todos eles teñen solución, e cando non a teñen é que non son problemas.

Falo de escribir en tempos difíciles e refírome non só ao uso do galego pola sociedade galega senón ao número de lectores e lectoras autónomos en galego, que non para de diminuír pola situación de debilidade do sistema literario galego, sostido case en exclusividade pola literatura infantil e xuvenil nas lecturas dirixidas no ensino e por un mando de escritor@s de éxito.

Para reverter a situación de declíneo do galego non sei de fórmulas máxicas, nin receitas de avós e avoas filólogas, nin tan sequera de pactos políticos con pouca sustancia que poidan valer. Todo é

necesario e todo tamén resulta a un tempo insuficiente. As reformas necesarias requiren de obxectivos claros e leis máis claras aínda, de análises profundos e reflexións pausadas, de relectura das estatísticas e proxeccións matemáticas que propoñan escenarios probábeis, de vontades de ferro e luvas de seda. Nada debe soar (como está soando) improvisado, parcial, sen substancia. Nada debe soar a traizón ou a delirio. O pacto require consenso político, mais non de mínimos (que sería un apósito sobre unha fractura, unha traizón a historia e a resiliencia dos nosos antepasados e, ademais, unha falta de afouteza imperdoábel), senón un consenso de máximos (valente, durábel, críbel, posíbel).

Por iso, este premio e outros premios que se outorgan por Galiza adiante son importantes aínda que non sexan abondo para prestixiar a lingua e reverter a situación. Mais só se pode avanzar, avanzando, facer camiño, camiñando ou conquistar o ceo arriscándose a voar, mesmo coa ficción, coa imaxinación, coa ilusión prendida tras dos ollos. Coa mesma ilusión, acrediten, coa que recollo este premio, que recibo como agasallo de gusto.

Coido que xa chegou de discurso. Reiterar o meu agradecemento ao xurado pola súa decisión, ao Concello pola convocatoria e a todos vostedes por nos ter acompañado neste ocasión particular. Deséxolles, pois, que sexan felices e diferentes, pois na variedade de ideas e actitudes está a nosa forza vital como especie e como nación.

Xavier Queipo

Viveiro, 13 de decembro 2024